

***ETNORITUAIS E OFRENDAS NO SANTUARIO MARIANO DOS  
REMEDIOS (ALTO DO CESAR . SARRIA) (LUGO).***

***PUBLICADO NA REVISTA LUCENSIA. BIBLIOTECA SEMINARIO DIOCESANO. Nº 64.***

**AUTOR: JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO**


# ***ETNORITUAIS E OFRENDAS NO SANTUARIO MARIANO DOS REMEDIOS (ALTO DO CESAR) (SARRIA)***

## **I. LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DO SANTUARIO.**

### **COORDENADAS U.T.M.**

**X: 629.197      Y: 4.733.719**

O santuario a efectos eclesiásticos está situado no Alto dos Remedios; freguesía de San Salvador de Cesar; arciprestado de Sarria; e diócese de Lugo. Dende unha óptica civil este recinto sacro está emprazado no Alto dos Remedios, tamén nomeado Alto de Cesar, e pertence á parroquia de San Salvador de Cesar. Segundo o I.N.E. <sup>1</sup> do ano 2017, esta parroquia posuía 61 habitantes, distribuídos nas entidades de Arxevide, Cesar e Pape.



<sup>1</sup> Instituto Nacional de Estadística.

Esta parroquia pertence ao municipio lucense de Sarria, que posuía -segundo o I.N.E. do ano 2020- unha poboación de 13.338 habitantes, distribuída entre tres parroquias da vila de Sarria: San Salvador de Sarria, Santa Mariña de Sarria, e Nosa Sra. do Rosario de Sarria; e corenta e nove parroquias do medio rural. Estas ocupan unha superficie de 185,09 km<sup>2</sup>. A nivel cultural neste municipio cómpre salientar a Torre da Fortaleza dos Marqueses de Sarria e o mosteiro da Magdalena, construído no século XIII. Ademais, é mester sinalar a importancia que ten o estilo románico, reflectido ata nun total de vinte igrexas parroquiais.

A capital municipal, que é a vila de Sarria <sup>2</sup>, está situada a trinta e un km. ao Sur da capital provincial, coa que se comunica pola vía rápida CG-22, que une Lugo, Sarria e Monforte de Lemos;



#### ***SANTUARIO DOS REMEDIOS.***

outra forma de acceso é por medio do ferrocarril, xa que a capital municipal ten unha estación de tren. Por outra banda, Sarria é sé do partido xudicial do mesmo nome e, tamén, capital da Comarca de Sarria, que ocupa unha superficie de 836,4 km<sup>2</sup> e posuía –segundo o I.N.E. do ano 2020- unha poboación de 22.421 habitantes, repartida entre os seguintes municipios: O Incio (1533), Láncara (2584), Paradela (1739), O Páramo (1344), Samos (1246), Triacastela (637), e Sarria (13.338).

---

<sup>2</sup> A finais do século XII o rei Alfonso IX fundou Vilanova de Sarria, adxudicándolle o foro, que ía a rexirse como vila real.

## II. ALGUNHAS NOCIÓNS SOBRE O SANTUARIO.



CARTEL DA ROMARÍA

*venera la imagen o una reliquia de la Divinidad, de la Virgen o de un santo de especial devoción»*<sup>4</sup>. Éstes adoitan acudir ben dun xeito individual ou colectivo para suplicar á divindade a súa mediación ante unha serie de rogativas de índole material (sandar, obter boas colleitas, rogo polos recen nados...) e, algunhas -ás menos- de carácter espiritual; tamén veñen para cumprir coas promesas ofrecidas, logo de que a entidade sacra lles outorgase as peticións requeridas. *«Los santuarios son percibidos como espacios sagrados, de los cuales irradia la salud material o espiritual, y a los que se acude de forma individual o colectiva»*<sup>5</sup>.

## III. TRAZOS ARTÍSTICOS DESTE RECINTO SACRO.

<sup>3</sup> CEBRIÁN FRANCO, Juan José.: *Santuarios de Galicia (Diócesis de Santiago de Compostela)*, Santiago, 1982, páx.6.

<sup>4</sup> MARIÑO FERRO, Xosé Ramón.: *Las Romerías / Peregrinaciones y sus símbolos*. Vigo: Ed. Xerais, 1987, páx. 13.

<sup>5</sup> PRAT I CARÓS, Joan.: “Los Santuarios Marianos en Cataluña: una aproximación desde la etnografía”, *en la Religiosidad Popular. III. Hermandades. Romerías. Santuarios*. Anthropos, Barcelona, 1989, páx. 227.

O santuario é un espacio de culto representado por unha ermida, capela ou igrexa parroquial. A él van devotos da propia parroquia, na que se empraza o recinto sacro e, tamén, doutras comunidades máis ou menos lonxanas segundo o grao de influencia que exerza o lugar sacro. *«El Santuario es un lugar de culto que atrae romeros en ámbito superior al local»*<sup>3</sup>. Cando os romeiros non pertencen á parroquia o máis habitual é que veñan o día ou días propios da festividade da entidade sacra, simbolizada por algunha advocación de Cristo; de María; ou dalgún santo-a. *« El santuario es un templo en el que se*

O recinto sacro contén unha nave ampla, que amosa unha cuberta de pizarra a dúas augas sobre unha armadura de madeira. A capela maior, máis alta e reducida que a nave, presenta unha cuberta a cuatro augas, e un arco triunfal de granito con dobre imposta. O fronte do templo mostra tres corpos verticais: o central soporta a torre, de cemento; e os laterais dan dobre acceso ao santuario. Na parte central do presbiterio hai un altar presidido pola advocación mariana dos Remedios. Pola contra, na parte norte de la nave hai un retábulo lateral que contén as imaxes de O Salvador, resucitado, e San Sebastián, esta última do século XVI<sup>6</sup>.

#### IV. EXPRESIÓNS BÁSICAS DA SÚA DEVOCIÓN POPULAR.



*RITUAL DE CONTACTO COA ADVOCACIÓN MARIANA*

Os días 8 e 9 de setembro conmemórase a festividade desta advocación mariana. Acoden devotos de Lugo capital, do concello de Sarria e doutros municipios limítrofes como Samos, Láncara, O Incio. Os devotos ofrécese normalmente por si mesmos mais hai algúns casos nos que veñen en nome doutras persoas que, polas súas doenzas, non poden acudir á romaría.

Os pedimentos máis usuais adoitan ser por doenzas humanas e animais, encomendación polos recen nados e polo que van nacer. Non embargantes, tamén hai rogativas de índole precautorio non só de doenzas

---

<sup>6</sup> VALIÑA SAMPEDRO, Elías. *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*. Madrid: M.E.C. Servicio Nacional de Información Artística, Arqueológica y Etnológica. T.II, 1975, páx. 173.

senón tamén da facenda familiar. E, ademais, prégase á Virxe por problemas de carácter familiar e social.

As peticións dos fieis suponen unha actitude de submisión á Virxe, que é considerada por algúns devotos como unha importante mediadora perante de Deus, mentres que para outros trátase dunha entidade que ten poder propio. Para expresar este sometemento ó poder sacro, os ofrecidos cumpren cunha serie de promesas que poden realizarse, indistintamente, denantes ou despois da concesión do pedimento. Para iso, os devotos adoitan tomar parte en diferentes rituais e ofrendas que describo a continuación:

### ***1. RITUAIS E OFRENDAS.***

Durante os nove días denantes da festividade da Virxe, celébrase unha novena no recinto sacro. Acoden devotos non só da comunidade parroquial de Cesar, senón tamén doutras cercanas, e de Sarria, capital municipal. Os actos do ritual consisten no rezo diario do Santo Rosario, na celebración dunha misa con predicación, nas pregarías de cada día e nas xerais, para rematar co rogo dos fieis asistentes ao ritual.



#### ***OFRENDA PECULIAR. OS VELÓNS***

No que atinxe aos rituais e prácticas penitenciais, un costume aínda vixente é o de vir andando dende o lugar de orixe, tanto da vila de Sarria, que dista 3,5 km. do santuario, como doutras parroquias limítrofes. Camiñar é a forma máis sinxela de purificación e mortificación corporal. O carácter penitencial da romaxe está ligado ao esforzo que debe realizar o ofrecido para chegar á meta romeira, acumulando así méritos que propician ao

ente sacro. Unha vez no santuario os fieis participan nalgunha das misas oficiadas nábolos dous días de festividade. Así, o día 8 celebranse misas as 8, 30 horas, as 9,30, as 10, as 11, as 12, e a solemne a primeira hora da tarde (13,30); logo, as 18 horas oficiase outra. O día 9 oficianse misas ás 9,30 horas, ás 10,30, ás 11,30, e a solemne ás 13,30 horas. Tanto o día 8 como o 9, a misa solemne, sempre e cando as condicións



metereolóxicas o permitan, oficiase nun pequeno altar colocado no palco da música para tal ocasión. Isto motiva que a procesión salga denantes de celebrar a misa solemne, percorrendo o espazo comprendido entre a capela e o palco da música; e, tamén o faga ao rematar a misa. A disposición dos seus elementos é a seguinte: a cruz parroquial, portada por un fregués da parroquia; logo, a imaxe do San Xosé, levada no colo por unha nena da freguesía; a continuación, unha pequena advocación mariana do Carme, portada nas andas por catro

### ***RITUAL***

#### ***PROCESIONAL***

cativos da freguesía; despois, as imaxes do San Salvador e do San Sebastián, levadas nas andas cadansua por catro devotos; logo, a advocación mariana dos Remedios, portada nas andas por dez devotos dámbolos dous xéneros debido a seu gran tamaño e peso; a continuación, os cregos que van a concelebrar o oficio relixioso; e, como remate, os fieis, colocados sen distinción de idade e sexo.

Así mesmo, tanto pola mañá como pola tarde hai devotos que tocan coas súas mans e cos seus panos o manto da imaxe mariana e logo pasanos pola cara cunha finalidade profiláctica e sandadora. Tamén bican unhas pequenas medallas marianas, colocadas na

prolongación das dúas cinta, que penduran do manto da Virxe. Hai anos impoñíase a imaxe mariana por riba da cabeza dos devotos.

A relixiosidade popular ten, ademais dunha dimensión práctica, un compoñente de pacto baseado na reciprocidade, que esixe do devoto a entrega dalgún ben para propiciar ao ente sacro ou para compensalo polo favor recibido. Por iso é común que se depositen diversas ofrendas no interior do templo. Unha moi xeral é a dos “velóns de cera” –cirios pequenos- que os fieis adquiren a un euro e, logo, colocanos acesos nun pequeno altar, adicado a advocación dos Remedios e situado no lado exterior dereito do recinto sacro; no ano 2013 houbo unha ofrenda no conxunto dábolos dous días duns 1000 velóns. Outra oferta son as esmolas en metálico, que os fieis adoitan depositar nalgunha das tres boetas de que está provisto o santuario. Asi mesmo, hai devotos que ofrecen estipendios en misas, cada unha das cales vale 6 euros. Nábolos dous días de festividade, houbo unha ofrenda aproximada de 700 misas, que os dous frailes mercedarios de Sarria,- encargados do santuario-, soen



*ESMOLEIRO Á ENTRADA DO SANTUARIO*

distribuir entre outros cregos para que que poidan oficiais no transcurso do ano. Finalmente algúns devotos, do xénero femenino, aportan ramos de flores, que colocan ao pé da advocación mariana.

Por outra banda, os oficios relixiosos dábolos dous días complementanse cunha dimensión laica e profana, na que os fieis en xeral disfrutan dun tempo de lecer, mercan produtos de diversa índole, entre os que hai que salientar as rosquillas, a roupa e os produtos alimenticios. Tamén hainos que xantan o polvo o uns anacos de churrasco baixo os toldos dos postos, que están emprazados no campo da festa. Ademais, un bo número de veciños da vila sarriana acondicionan para estes días pequenas cabanas e



carpas onde poden xantar e merendar. Á noite adultos e mozos non só do concello sarriano, senón tamén doutros da contorna toman parte na verbena.

## V. ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS ANTROPOLÓXICAS SOBRE ESTE SANTUARIO.

O nivel de asistencia ao santuario depende da sona, que tivese este na contorna e máis alá. Polo tanto, sen milagres non hai posibilidade de crear devoción. Estes constitúen a manifestación do poder da imaxe, que - segundo a liturxia oficialista- actúa como mediadora perante Deus, chegando a posuír todo o seu poder sobrenatural. No obstante - segundo os canons da devoción popular- a imaxe sacra, que simboliza á Virxe dos Remedios ten un poder inherente a ela mesma. As imaxes – segundo *Joan Prat*- son as



que gozan de gracia, virtude e favor. De aí, que os devotos teñan con elas un importante código comunicativo, baseado en signos lingüísticos e

### ***CABANAS E CARPAS NO TRANSCURSO DA ROMARÍA***

corporais, encamiñados a acadar a súa protección e indulxencia así como o agradecemento por un favor outorgado. Mais tal favor hai que o relacionar co grao de protección ás estruturas dun intercambio igualitario, o que implica “ *dar para que me deas* ” . Por iso os devotos ademais dos rituais realizados deixan unha serie de ofrendas para satisfacer a súa parte no acordo co Santo.

Por outra banda, a dimensión sacra transmitese ao exterior por medio da procesión. Esta é un ritual relixioso, que ten como finalidade manifestar pública e colectivamente un culto, un diálogo coa entidade sacra correspondente. Utiliza normalmente un espacio fora do recinto sacro, que pasa a ser un soporte para esa hierofanía, para esa manifestación

relixiosa. Polo tanto, calquera espacio de acollida do ritual recibe unha reinterpretación con posibilidade de valores de sacralidade.

Neste santuario ademais da dimensión sacra hai unha dimensión lúdica, na que mentres o baile, o canto e maila música desencadenan emocións, a bebida e a comida facilitan a comunicación. Estes trazos levanos a apreciar como nesta dimensión hai un tránsito do cotiá a situacións, onde poden ter lugar a espontaneidade, a diversión e o relaxamento dos costumes.

Como remate, cómpre sinalar que neste municipio aparte do santuario mencionado hai outros dous: o do Santo Cristo de Goián<sup>7</sup> e o da Capela de San Marcos (Vibille)<sup>8</sup>.

## VI. BIBLIOGRAFÍA.

BLANCO PRADO, José Manuel.: *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*, Lugo: Deputación Provincial, 1996.

CEBRIÁN FRANCO, Juan José.: *Santuarios de Galicia (Diócesis de Santiago de Compostela)*, Santiago, 1982.

CHRISTIAN, JR, William A.: *Religiosidad popular. Estudio antropológico en un valle español*. Madrid: Tecnos, 1978.

FIGUEROA PAZ, Antonio V.: Experto en Sistemas de Información Xeográfica (SIX). *Autor do mapa de localización dos santuarios do municipio de Sarria*.

FUENTES ALENDE, Xosé.: Os Exvotos na Relixiosidade Popular Galega. A súa dimensión patrimonial. Santiago de Compostela: Editora Andavira, 2019.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: *Guía de festas populares de Galicia*, Vigo: Galaxia, 1997.

MARIÑO FERRO, Xosé Ramón.: *Las Romerías / Peregrinaciones y sus símbolos*. Vigo: Ed. Xerais, 1987.

PINTO, José; VIEIRA, Sandra.: *A Festa de San Bento do Cando. Memoria de uma devoção em terras de Soajo e Gavieira*, Gavieira (Arcos de Valdevez, Portugal): Municipio de Arcos de Váldevez, 2017.

---

<sup>7</sup> Sobre o Santo de Goián, hai o artigo “A piedade popular ao Santo Cristo de Goián”, publicado por José Manuel Blanco Prado, na Rev. Croa (Boletín da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga), nº28, 2018.

<sup>8</sup> Hai reseñas e comentarios de Xaime López Arias (Arlindo), ex.cronista de Sarria, acerca desta capela.

PRAT I CARÓS, Joan.: “Los Santuarios Marianos en Cataluña: una aproximación desde la etnografía”, en *la Religiosidad Popular. III. Hermandades. Romerías. Santuarios*. Anthropos, Barcelona, 1989.

VALIÑA SAMPEDRO, Elías. *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*. Madrid: M.E.C. Servicio Nacional de Información Artística, Arqueológica y Etnológica. T.II, 1975.

## VII. OUTRAS ILUSTRACCIÓNS.



***MISA SOLEMNE CONCELEBRADA NO EXTERIOR DO SANTUARIO***



*RITUAL DE CONTACTGO COA ADVOCACIÓN MARIANA*



*OFRENDA DE VELÓNS NO EXTERIOR DO SANTUARIO*



*LIBRO DE PETICIÓN*



*DETALLE DA PROCESIÓN*



*DETALLE DA ADVOCACIÓN MARIANA*



***TENDAS COLOCADAS PRETO DO RECINTO DA FESTA PARA PASAR A ROMAXE.***